

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0519	Documentación técnica en instalacións eléctricas	2024/2025	5	105	105
MP0519_12	Debuxo técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automáticos	2024/2025	5	60	60
MP0519_22	Orzamentos e documentación técnica	2024/2025	5	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SERGIO SENDÓN FORMOSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A lexislación de referencia desta programación é o Decreto 138/2011, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados, para a Comunidade autónoma de Galicia.

O sector produtivo da contorna de Santiago de Compostela conta con grandes empresas: FINSA (fabricante de taboleiros de madeira), Televés (fabricante de produtos electrónicos) e as empresas de fabricación automobilística Urovesa e Castrosua. Ademais ao tratarse Santiago de Compostela dun importante nó de comunicacións e principal sede da administración autonómica galega, son numerosas as empresas de servizos técnicos e mantemento que operan desde a cidade ou os polígonos industriais de referencia na zona.

O alumnado que adquira as competencias profesionais, persoais e sociais citadas no currículo, e o título de Técnico superior referido anteriormente, atoparase nunha situación moi vantaxosa para acceder ao mercado laboral, onde cada vez é máis patente a falta de técnicos formados nestas especialidades. Esta formación será igualmente moi útil tamén se o alumnado opta por continuar os seus estudos en carreiras universitarias técnicas vinculadas ou nos cursos de especialización de formación profesional.

A importancia deste módulo dentro do currículo vese reflectida en que moitos dos seus criterios de avaliación aparecen recollidos transversalmente en varias das competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo, como poden ser c) Elaborar o orzamento da instalación, cotexando os aspectos técnicos e económicos para lle dar a mellor resposta á clientela ou f) Planificar a montaxe e probas de instalacións e sistemas, a partir da documentación técnica ou das características da obra. Ademais a documentación técnica é o medio polo cal se transmite de xeito fiable a información no resto dos módulos.

No que se refire á contextualización do currículo, débese ter en conta que o Centro ten licencias proporcionadas pola Administración educativa do programa Cype, e que é posible acceder a licencias para estudante do programa Autocad polo que estas serán as aplicacións informáticas utilizadas para o debuxo de planos e esquemas de instalacións, e, no caso da aplicación Cype, tamén para a elaboración de orzamentos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Representación de instalacións eléctricas	Elaboración de esbozos a man alzada, plantas, alzados e detalles para a representación de instalacións	10	10
2	Debuxo de instalacións con programas de CAD	Descrición dos programas de CAD xenérico e específicos e manexo para o debuxo de instalacións eléctricas e planos.	40	35
3	Xestión da documentación gráfica	Reproducción, organización e arquivo dos planos en soporte impreso e informático	10	10

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Documentación técnico-administrativa das instalacións	Interpretación de proxectos e recoñecemento da información que os compoñen	5	5
5	Orzamentos de instalación eléctricas	Elaboración dos orzamentos da instalación empregando aplicacións informáticas xenéricas (folia de cálculo) e específicas (Arquímedes), tendo en conta a listaxe de materiais, os baremos e os prezos unitarios	15	15
6	Proxecto dunha instalación de B.T. nun edificio.	Elaboración dos documentos do proxecto a partir de información técnica, utilizando aplicacións informáticas.	20	20
7	Manuais e documentos anexos do proxecto.	Elaboración dos manuais e documentos anexos aos proxectos de instalacións e sistemas, nos que se definen procedementos de previsión, actuación e control.	5	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Representación de instalacións eléctricas	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Representa instalacións eléctricas mediante a elaboración de esbozos a man alzada, plantas, alzados e detalles.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os elementos e os espazos, as súas características construtivas e o uso ao que se destina a instalación eléctrica.
CA1.2 Seleccionáronse as vistas e os cortes que máis a representen.
CA1.3 Utilizouse un soporte axeitado.
CA1.4 Utilizouse a simboloxía normalizada.
CA1.5 Definíronse as proporcións adecuadamente.

Criterios de avaliación
CA1.6 Cotouse con claridade.
CA1.7 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
CA1.8 Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.
CA1.9 Traballouse con pulcritude e limpeza.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Normas xerais de esbozamento: normas ISO.</p> <p>Técnicas e proceso de esbozamento: esbozamento a man alzada.</p> <p>Simbología: símbolos eléctricos e mecánicos.</p> <p>Escalas: cotas.</p> <p>Cotación: normas.</p> <p>Rotulación.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Debuxo de instalacións con programas de CAD	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora documentación gráfica de proxectos de instalacións eléctricas e debuxa planos mediante programas de deseño asistido por computador.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícouse o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.
CA2.2 Identifícaronse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto eléctrico.
CA2.3 Distribuíronse nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.
CA2.4 Seleccionouse a escala e o formato apropiados.
CA2.5 Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de instalacións electrotécnicas consonte os esbozos subministrados e a normativa específica.
CA2.6 Debuxáronse esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.
CA2.7 Comprobouse a correspondencia entre vistas e cortes.
CA2.8 Cotouse con claridade e de acordo coas normas.
CA2.9 Incorporáronse as lendas e a simboloxía correspondentes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Manexo de programas de deseño asistido por computador. Introducción e instalación de software. Interface de usuario. Inicio, organización e gardado. Control das vistas de debuxos. Elección dos procesos de traballo. Creación e modificación de obxectos. Anotación.
Documentación gráfica: normas xerais de representación. Sistemas de encadernación. Sistemas informáticos de presentación de documentación (DVD, memorias USB, etc.). Métodos de presentación de proxectos (software).
Interpretación de planos de proxectos de edificación: plano de situación e emprazamento; plantas de cimentación e estrutura; plantas de distribución e cotas; plantas de moblaxe; plantas de cuberta; cortes e alzados; detalle de sección construtiva.
Interpretación de planos de proxectos de obra civil: situación, plano topográfico, plano de trazado, perfís lonxitudinais e transversais, e seccións tipo.
Software específico para deseño de sistemas electrotécnicos e automáticos (esquemas unifilares e multifilares, etc.).
Elaboración de planos de situación, emprazamento e planta.
Elaboración de esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.

Contidos
Normas de aplicación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da documentación gráfica	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona a documentación gráfica de proxectos eléctricos, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.
CA3.2 Identifícase o sistema de codificación da documentación.
CA3.3 Utilízase o medio de reprodución adecuado, de xeito que as copias sexan nítidas e se lean con comodidade.
CA3.4 Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, no tamaño requirido.
CA3.5 Organízase e arquivase a documentación gráfica no soporte solicitado.
CA3.6 Localízase no tempo requirido a documentación arquivada.

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de documentos: formatos. Dobra de planos.
Periféricos de saída gráfica. Plotter. Impresión profesional.
Ficheiros: contido e estrutura; tipos de formatos (PDF, rtf, etc.).
Normas de codificación. Técnicas de xestión da documentación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Documentación técnico-administrativa das instalacións	5

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a documentación técnico-administrativa das instalacións, interpretando proxectos e recoñecendo a información de cada documento.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os documentos que compoñen un proxecto.
CA1.2 Identifícase a función de cada documento.
CA1.3 Relacionouse o proxecto da instalación co proxecto xeral.
CA1.4 Determináronse os informes necesarios para a elaboración de cada documento.
CA1.5 Recoñecéronse as xestións de tramitación legal dun proxecto.
CA1.6 Simulouse o proceso de tramitación administrativa previo á posta en servizo.

Criterios de avaliación

CA1.7 Identificáronse os datos requiridos polo modelo oficial de certificado de instalación.

CA1.8 Distinguiuse a normativa de aplicación.

4.4.e) Contidos
Contidos

Anteproxecto ou proxecto básico.

0Certificados de fin de obra: manuais de instrucións.

Tipos de proxectos: administrativo ou técnico administrativo, executivo e construtivo.

Documentos básicos: índice xeral, memoria, anexos, planos, prego de condicións, estado de medicións, orzamento, etc.

Documentación de partida: cálculos, táboas, catálogos, etc.

Estudos con entidade propia: prevención de riscos laborais, impacto ambiental, calidade, eficiencia enerxética, etc.

Manuais de instrucións.

Normativa: tramitacións e legalización. Trámites coa Administración e coas compañías subministradores e comercializadoras.

Rexistro de instalacións. Solicitud de subministración.

Certificados de instalación e verificación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Orzamentos de instalación eléctricas	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona orzamentos de instalacións e sistemas eléctricos, tendo en conta a listaxe de materiais, os baremos e os prezos unitarios.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as unidades de obra das instalacións ou dos sistemas, e os seus elementos constituíntes.
CA2.2 Realizáronse as medicións de obra.
CA2.3 Determináronse os recursos para cada unidade de obra.
CA2.4 Obtivéronse os prezos unitarios a partir de catálogos de fabricantes.
CA2.5 Detallouse o custo de cada unidade de obra.
CA2.6 Realizáronse as valoracións de cada capítulo do orzamento.
CA2.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para elaboración de orzamentos.
CA2.8 Valorouse o custo do mantemento predictivo e do preventivo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Unidades de obra: medicións. Elementos significativos para ter en conta.
Cadros de prezos: catálogo de fabricantes.
Custos da man de obra.
Orzamentos: confección e métodos de realización.
Análise de custos. Procura de información. Técnicas específicas de análise de custos.
Programas informáticos de elaboración de orzamentos (Excel e Access, etc.).

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Proxecto dunha instalación de B.T. nun edificio.	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos do proxecto a partir de información técnica, utilizando aplicacións informáticas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase a normativa de aplicación.
CA3.2 Interpretouse a documentación técnica (planos e orzamentos, etc.).
CA3.3 Definíronse formatos para elaboración de documentos.
CA3.4 Elaborouse o anexo de cálculos.
CA3.5 Redactouse o documento memoria.
CA3.6 Elaborouse o estudo básico de seguridade e saúde.
CA3.7 Elaborouse o prego de condicións.
CA3.8 Redactouse o documento de aseguramento da calidade.

4.6.e) Contidos

Contidos
Normativa de aplicación.

Contidos
<p>Formatos para elaboración de documentos.</p> <p>Anexo de cálculos: estrutura e características. Software específico.</p> <p>Documento memoria: estrutura e características.</p> <p>Estudo básico de seguridade e saúde. Métodos de realización e información mínima.</p> <p>Prego de condicións: partes e condicións.</p> <p>Aseguramento da calidade. Sistemas de calidade aplicados a proxectos. Normas de aplicación.</p> <p>Memoria técnica de deseño (MTD).</p> <p>Aplicacións informáticas para elaboración de documentación.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Manuais e documentos anexos do proxecto.	5

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora manuais e documentos anexos aos proxectos de instalacións e sistemas, nos que se definen procedementos de previsión, actuación e control.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Relacionáronse as medidas de prevención de riscos na montaxe e no mantemento das instalacións e dos sistemas.
CA4.2 Identificáronse as pautas de actuación en situacións de emerxencia.
CA4.3 Definíronse os indicadores de calidade da instalación ou do sistema.

Criterios de avaliación
CA4.4 Definiuse o informe de resultados e accións correctoras, atendendo aos rexistros.
CA4.5 Comprobouse a calibración dos instrumentos de verificación e medida.
CA4.6 Estableceuse o procedemento de rastrexabilidade dos materiais e dos residuos.
CA4.7 Determinouse o almacenamento e o tratamento dos residuos xerados nos procesos.
CA4.8 Elaboráronse os manuais de servizo e de mantemento.
CA4.9 Manexáronse aplicacións informáticas para elaboración de documentos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de prevención: tipos e características.
0Condições de posta en marcha ou servizo.
Manual de mantemento. Histórico de mantemento e de avarías.
Protocolo de probas. Procesos de probas específicas.
Equipamentos de seguridade e protección; sinais e alarmas.
Normativa de aplicación.
Estudos básicos de seguridade e saúde. Normas de aplicación: normativa internacional.
Plan de calidade e mantemento. Sistemas de xestión da calidade aplicados ás instalacións eléctricas. Normas de aplicación.
Calidade na execución de instalacións ou sistemas. Normativa de xestión da calidade.
Plan de xestión ambiental. Estudos de impacto ambiental. Normativa de xestión ambiental.
Elaboración de manuais: de servizo e de medicións.
Especificacións técnicas dos elementos das instalacións.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

- CA1.4 Utilizouse a simboloxía normalizada.
- CA1.5 Definíronse as proporcións adecuadamente.
- CA1.6 Cotouse con claridade.
- CA1.7 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
- CA1.8 Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.
- CA1.9 Tráballouse con pulcritude e limpeza.
- CA2.1 Identificouse o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.
- CA2.2 Identificáronse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto eléctrico.
- CA2.3 Distribuíronse nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.
- CA2.4 Seleccionouse a escala e o formato apropiados.
- CA2.5 Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de instalacións electrotécnicas consonte os esbozos subministrados e a normativa específica.
- CA2.6 Debuxáronse esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.
- CA2.7 Comprobouse a correspondencia entre vistas e cortes.
- CA2.8 Cotouse con claridade e de acordo coas normas.
- CA2.9 Incorporáronse as lendas e a simboloxía correspondentes.
- CA3.1 Identificouse o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.
- CA3.2 Identificouse o sistema de codificación da documentación.
- CA3.3 Utilizouse o medio de reprodución adecuado, de xeito que as copias sexan nítidas e se lean con comodidade.
- CA3.4 Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, no tamaño requirido.
- CA3.5 Organizouse e arquivouse a documentación gráfica no soporte solicitado.
- CA3.6 Localizouse no tempo requirido a documentación arquivada.
- CA1.1 Clasificáronse os documentos que compoñen un proxecto.
- CA1.2 Identificouse a función de cada documento.
- CA1.3 Relacionouse o proxecto da instalación co proxecto xeral.
- CA1.4 Determináronse os informes necesarios para a elaboración de cada documento.

- CA1.5 Recoñecéronse as xestións de tramitación legal dun proxecto.
- CA1.6 Simulouse o proceso de tramitación administrativa previo á posta en servizo.
- CA1.7 Identificáronse os datos requiridos polo modelo oficial de certificado de instalación.
- CA1.8 Distinguiuse a normativa de aplicación.
- CA2.1 Identificáronse as unidades de obra das instalacións ou dos sistemas, e os seus elementos constituíntes.
- CA2.2 Realizáronse as medicións de obra.
- CA2.3 Determináronse os recursos para cada unidade de obra.
- CA2.4 Obtivéronse os prezos unitarios a partir de catálogos de fabricantes.
- CA2.5 Detallouse o custo de cada unidade de obra.
- CA2.6 Realizáronse as valoracións de cada capítulo do orzamento.
- CA2.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para elaboración de orzamentos.
- CA2.8 Valorouse o custo do mantemento predictivo e do preventivo.
- CA3.1 Identificouse a normativa de aplicación.
- CA3.2 Interpretouse a documentación técnica (planos e orzamentos, etc.).
- CA3.3 Definíronse formatos para elaboración de documentos.
- CA3.4 Elaborouse o anexo de cálculos.
- CA3.5 Redactouse o documento memoria.
- CA3.6 Elaborouse o estudo básico de seguridade e saúde.
- CA3.7 Elaborouse o prego de condicións.
- CA3.8 Redactouse o documento de aseguramento da calidade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As tarefas realizadas valoraranse por separado. En cada unha delas terase en conta o peso ponderado dos criterios de avaliación que avalía. A nota da unidade didáctica (UD) será a nota da media ponderada de cada un dos criterios de avaliación (CA) da unidade didáctica (UD). A nota da avaliación será a nota ponderada da cada unidade didáctica (UD) que se impartise durante esa avaliación e calculada sobre unha nota máxima de 10.

Para que a nota da avaliación sexa maior que 5 débese superar cada criterio de avaliación sinalado como mínimo exixible cunha nota mínima de 5 sobre 10. De non acadar esa puntuación proporase repetir as tarefas implicadas nos criterios de avaliación cun puntuación menor de 5.

A nota final do módulo será o resultado de calcular a ponderación das notas de cada unha das unidades didácticas (UD).

No caso de non chegar a unha calificación de 5 ou non superar os criterios de avaliación (CA) sinalados como mínimos exixibles proporáanse actividades de recuperación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aquel alumnado que non acade os obxectivos na avaliación ordinaria en cada unha das avaliacións, establecerase un programa de actividades de reforzo educativo co fin de poida acadar os mínimos esixibles, de xeito que se intente superar o módulo coas actividades de reforzo, e medidas que favorezan a individualización do ensino. Estas actividades de reforzo serán cualificadas individualmente polo profesor sen que a superación das mesmas exima ó alumnado da realización dunha proba global de recuperación por cada avaliación que teña suspensa. Esta proba realizarase ó final do período de docencia e antes da avaliación ordinaria de Xuño.

Recuperaránse as tarefas non rematadas ou mal confeccionadas. As probas realizaranse de maneira práctica nun dos ordenadores da aula correspondente.

Calquera medida deste tipo realizarase contando co diagnóstico, asesoramento e seguimento do Departamento de Orientación do Centro.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Este alumnado será avaliado por medio dunha proba final no mes de Xuño, que versará sobre os contidos do currículo. Para superar o módulo será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase o seguimento desta programación e valorarase si se cumpriu co planificado, analizando as posibles causas de desvío e sacando as conclusións oportunas para realizar, de selo caso, os posibles axustes.

Asemesmo comprobarase a idoneidade dos materiais aportados e se foron motivadores.

Analizarase a riqueza das interaccións profesor-alumnado e as novas aportacións xurdidas.

Pasaráselle ao alumnado unha enquisa na que valorarán a actividade docente. O profesor analizará os resultados da mesma co fin de sempre mellorar a súa práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O primeiro día de clase dentro da presentación e mediante un pequeno coloquio, no que se tomarán anotacións de cada alumno e do grupo en xeral, o docente fará esta avaliación para detectar se os alumnos posúan os coñecementos básicos que deberían ter adquirido en etapas anteriores. Teranse tamén en conta as particularidades persoais de cada un deles.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aquel alumnado que non acade os obxectivos na avaliación ordinaria en cada unha das avaliacións, establecerase un programa de actividades de reforzo educativo co fin de poida acadar os mínimos esixibles, de xeito que se intente superar o módulo coas actividades de reforzo, e medidas que favorezan a individualización do ensino. Estas actividades de reforzo serán cualificadas individualmente polo profesor sen que a superación das mesmas exima ó alumnado da realización dunha proba global de recuperación por cada avaliación que teña suspensa. Esta proba realizarase ó final do período de docencia e antes da avaliación ordinaria de Xuño.

Calquera medida deste tipo realizarase contando co diagnóstico, asesoramento e seguimento do Departamento de Orientación do Centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O profesorado promoverá os seguintes valores, que axudarán ao estudiantado na súa vida persoal e laboral:

Asistencia e puntualidade.

Puntualidade na entrega dos traballos e tarefas encomendadas.

Participación e atención prestada.

Compañeirismo e respecto polos compañeiros e polo profesor.

Responsabilidade, tolerancia e respecto polo medio ambiente.

Respecto pola seguridade e saúde no traballo.

Orde e limpeza.

Calidade na elaboración de documentación e no tratamento de documentación técnica.



Calidade no manexo de instrumentación e ferramenta.
Dispoñibilidade do material necesario para as clases.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Prevese a participación na realización de calquera actividade proposta polo Departamento de Electricidade- Electrónica.

En concreto prevese realizar os seguintes cursos relacionados directamente co currículo deste ciclo:

- Prevención de riscos e manexo seguro de plataformas elevadoras
- Prevención de riscos e manexo seguro de carretillas elevadoras
- Prevención de riscos laboráis
- Traballos en altura